



## PREGUNTA ORAL SOBRE AS PREVISIÓNS DO GOBERNO EN RELACIÓN COA XESTIÓN DOS QUIOSCOS MUNICIPAIS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por acordo unánime da Corporación, no Pleno do mes de maio do pasado ano aprobábase unha iniciativa deste grupo para a regularización e reapertura de catro quioscos de titularidade municipal. O acordo instaba a que se abordara “canto antes a regularización da autorización para a explotación e xestión dos catro quioscos pechados, situados na Avenida Xoán XIII, Alameda, Praza de Vigo e rúa Bernardo Barreiro Vázquez Varela, para facilitar á súa apertura a través dun procedemento de concorrencia competitiva, primando o carácter social destes establecementos, ou de ser o caso, a súa retirada para recuperar o espazo público e a mellora ambiental das céntricas zonas onde se asentan”.

No mesmo mes de maio, o Goberno local decidiu utilizar as fachadas destes catro quioscos para colocar varios pósters –con imaxes e textos explicativos– a xeito de exposición conmemorativa do centenario da creación das Irmandades da Fala.

Rematado o ano do centenario das Irmandades da Fala e dado que continúa pendente o cumprimento do acordo plenario para a regularización, apertura ou, se de ser o caso, retirada destas instalacións, o Grupo Municipal do Partido Popular formula a seguinte pregunta:

***Que xestións (e en que datas) leva feito o Goberno para o cumprimento do acordo plenario en relación con estes catro quioscos municipais e cales son as previsións ao respecto da súa regularización e apertura ao longo deste ano 2017?***

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2017.

María José Castro Carballal  
Concelleira do Grupo Popular